

DENOMINACIÓN DO BEN: Centro de Formación Profesional Val Miñor	
TITULARIDADE: Pública	UBICACIÓN: Nigrán/Vilariño de Abaixo-Gondomar (San Bieito)/Val Miñor
	ENTORNO: Edificio construído nunha finca que forma o límite de Gondomar con Nigrán, pero que en realidade pertence a este último. Forma conxunto coa novo edificio para secundaria e o patio cuberto.
DESCRICIÓN:	
<p>Un grupo de miñoranos na emigración, formado por Manuel L. Lemos, Eduardo Lemos e Francisco Cano Rivas tentaron a comezos do século XX a reunirse para tentar agrupar na Arxentina aos emigrantes da súa terra. Este pequeno grupo, de tendencias republicanas, pretendeu asociarse co fin de potenciar a creación na súa patria de centros de formación agrícola, para adultos, bibliotecas ...divulgación científico-cultural.</p> <p>Entre as tarefas desta sociedade, baixo o nome de “Unión Hispano Americana Pro-Valle Miñor” fundouse no curso 1914-15 un edificio para formación, hoxe coñecido como IES Escolas Proval (en concreto o edificio que acolle os ciclos de Formación Profesional) e co nome orixinario de “<i>Escola de Artes, Industria e Agricultura. Escola Pro Valle</i>” Constituíuse nun centro dotado de amplos e modernos recursos educativos para a formación en imprenta, zapatería,...</p> <p>O proxecto foi levado a cabo por Jacinto Esténs, realizado sobre un terreo cedido por M. Losada e realizado con pedra donada polo conde de Gondomar.</p>	
BIBLIOGRAFÍA	
<p>COSTA RICO, Antón; MALHIERO, Xosé M.: “Dende o Río de la Plata para o Val Miñor: Escolas que foron fachos de luz”. Revista de Estudos Miñoranos, nº 2, 2002, páxinas 57-69</p> <p>GONZÁLEZ PÉREZ, Juan: “¡Nós tamén estivemos nas Escolas Proval! As Escolas Proval nos anos 50 a través do testemuño dos seus alumnos e alumnas”. Revista de Estudos Minóranos, nº 2, 2002, páxinas 71-78</p> <p>MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé M.: “Ignacio Ares de Parga e a educación democrática. Un mensaxeiro de tempos novos entre Arxentina e Galicia”. Revista de Estudos Miñoranos, nº 3, 2003, páxinas 97-114.</p> <p>MÉIXOME, Carlos: “Centenario”. Xornal A Peneira, xullo 2005.</p> <p>PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a Carmen: La labor educativa iberoamericana y la creación de las Escuelas Pro-Valle Miñor a principios del siglo XX. Universidad Complutense, Colección Tesis Doctorales, Edición facsímile, número 381/88. Madrid, 1988.</p> <p>PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a Carmen: “As escolas <<Pro-Valle Miñor>> e a súa preocupación pola formación docente”. Revista de Estudos Minóranos, nº 2, 2002, páxinas 47-55.</p> <p>SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, Alfonso; SOLIÑO TRONCOSO, Antonio: Gondomar. Historia, Arte e Territorio. Ed. Ir Indo. Vigo, 1995.</p>	